



CONCELLO DE BARBADÁS

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL DUN PROFESOR OU PROFESORA DE PERCUSIÓN TRADICIONAL E MODERNA PARA SUBSTITUCIÓN POR I.T.

1. CONVOCATORIA

Teñen por obxecto as presentes bases a contratación temporal polo sistema de concurso, dun profesor/a de Percusión Tradicional e Moderna para a Escola Municipal de Música de Barbadás, para cubrir unha baixa médica. As presentes bases publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Barbadás, sito en Rúa Cimadevila 1; nas oficinas Municipais da Valenzá, no taboleiro da Escola de Música, na páxina web do Concello e nun dos diarios de maior circulación da provincia.

2. DURACIÓN DO CONTRATO

a) O contrato iniciárase cando remate o proceso selectivo e finalizará ao remate do curso actual. En caso de que a titular se incorpore antes do remate do curso, darase por finalizada a substitución.

A persoa seleccionada realizará a labor correspondente ao seu posto de traballo no mesmo horario, sinalado ó efecto pola Concellaría responsable.

Deste xeito, a relación rexeráse pola lexislación laboral e o contrato que se lle realizará a persoa seleccionadas é de obra ou servizo determinado, e redactarase ao abeiro do RD 2720/1998 do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

Para afronta-lo presente gasto existe consignación orzamentaria suficiente no vixente Presuposto de gastos.

3. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Os e as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para participaren no concurso:

a) Nacionalidade.- Ter a nacionalidade española. Ademais, e consonte co establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro, poderán accede-los nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os





CONCELLO DE BARBADÁS

do seu cónxuxe- sempre que non estean separados de dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de se-lo caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

Ademáis das persoas sinaladas no parágrafo anterior, poderán acceder a ela os estranxeiros que se atopen residindo en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da vixente Lei orgánica de dereitos e liberdades dos estranxeiros/as en España.

b) Idade.- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non excede-la idade máxima de xubilación forzosa.

c) Titulación.- Estar en posesión dos títulos de Bacharelato e grao elemental do Conservatorio de Música. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse, no seu día, certificado para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidelmente a súa homologación.

d) Capacidade funcional: Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación: non ser separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ó emprego público.

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os interesados deberán presentar as solicitudes no Rexistro Xeral do Concello ata as 13.00 horas do sétimo día natural seguinte ó da publicación do correspondente anuncio nun dos diarios de maior circulación, mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde , achegando a seguinte documentación:

- A titulación esixida para participar no concurso.
- Fotocopia compulsada do D.N.I.
- Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas o Entidades Locais, nin de atoparse inhabilitado/a para o exercicio da función pública.





CONCELLO DE BARBADÁS

- Relación de méritos que alega, e documentos xustificativos dos mesmos en orixinal ou fotocopia compulsada.
- Certificación de traballos realizados ata a data en tarefas similares as do posto ofertado, para determina-la experiencia.

5.- MÉRITOS A VALORAR PARA A SELECCIÓN.

O baremo aplicado na valoración de méritos xerais será o seguinte:

I) **Experiencia profesional.**- Por ter desempeñado **IDÉNTICO OU SEMELLANTE POSTO DE TRABALLO**, ata un máximo de **5 puntos**. A experiencia profesional acreditarase mediante un informe da vida laboral, acompañadas dos contratos correspondentes ou certificados de empresa.

- a) Por cada mes de servizos prestados nas administracións públicas, 0,125 puntos
- b) Por cada mes de servizos prestados no sector privado, 0,125 puntos por mes

II) **Formación especializada.**- Pola realización de cursos ou xornadas **RELACIONADAS CO CONTIDO DO POSTO DE TRABALLO**, ata un máximo de **3 puntos**.

- a) Por xornadas, diplomas, etc., 0,10 puntos, ata un máximo de 0,50 puntos.
- b) Cursos de ata 50 horas, 0,15 puntos por curso.
- c) Cursos de 50 horas ou máis, 0,25 puntos por curso.
- d) Cursos de 100 horas ou máis, 0,30 puntos por curso.
- e) Máster, 0,50 puntos por curso.

III) **Titulación.**- Por titulación superior á esixida para o desempeño do **posto e relacionada co posto de traballo**

- a) Técnico superior FP: 1 punto
- b) Diplomatura: 2 puntos
- c) Licenciatura ou grado: 3 puntos

- Solo se valorará a titulación de ámbito superior.





CONCELLO DE BARBADÁS

IV) Idioma galego.

A puntuación máxima neste apartado será de **2 puntos**.

- Por superar o curso ou validación de iniciación/CELGA 3: 0,50 puntos.
- Por superar o curso ou validación de perfeccionamento/CELGA 4, ou curso básico de linguaxe xurídico-administrativa: 1 punto.
- Por superar o curso de linguaxe xurídico-administrativa media: 1,5 puntos.
- Por superar o curso de linguaxe xurídico-administrativa superior: 2 puntos.

Puntuarase só o superior alegado e xustificado como mérito.

Só se lle concederá validez, polo que á acreditación do idioma galego se refire, aos Cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O resultado da fase do concurso publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Barbadás.

6.- CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE SELECCIÓN.

Para o caso de empate na puntuación final, darase preferencia e pola seguinte orde, á experiencia profesional, formación especializada, outra formación e circunstancias persoais. Se aínda así continúa o empate, procederase á realización dun sorteo público para determinar a orde de puntuación.

Á vista do resultado final, o tribunal propondrá para a contratación ó/á aspirante que obtivera a maior puntuación.

7.- BOLSA DE TRABALLO.

O resto de aspirantes que non obtiveron a puntuación necesaria para ser seleccionados, formaran parte dunha bolsa de traballo para cubrir o posto do traballador en caso necesario.

A non presentación no posto de traballo o día e a hora indicadas para o comezo da relación laboral, entenderase como renuncia ao posto de traballo, agás causas debidamente xustificadas. Neste caso acudiríase tamén a lista antes mencionada.

Acudirase tamén a esta lista cando, iniciada a relación laboral, a persoa contratada deixase de prestar servizos por non superar o período de proba ou cese definitivo ou temporal no desempeño das funcións do emprego que se oferta.





CONCELLO DE BARBADÁS

8.- PERÍODO DE PROBA.

Para adquirir a condición de persoal laboral temporal, o/a aspirante seleccionado/a deberá superar satisfactoriamente un período de proba, de conformidade co establecido no artigo 14 do vixente R.D. Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

Tras o proceso de selección e á vista da proposta que formule o tribunal cualificador, o Alcalde, no exercicio das competencias que lle corresponden en materia de contratación de persoal, subscribirá o correspondente contrato laboral co/a aspirante proposto/a polo tribunal, que pasará a ter a condición de persoal laboral de contratación temporal a cargo deste concello.

O acordo definitivo de contratación que adopte Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do concello, para coñecemento de todos/todas os/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

Ata que se formalice o mesmo, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica algunha.

Os/as candidatos/as seleccionados/as deberán, con carácter obrigatorio e previo a súa contratación, achegar informe médico de non padecer enfermidade nin defecto físico que lle incapacite para o exercicio das súas tarefas.

Barbadás, 6 de abril de 2017.

O ALCALDE

